

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

*EXTRACTO da Orde do 27 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022. Programa II: axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas en risco ou situación de exclusión social (código de procedemento TR356C).*

BDNS (Identif.): 606888.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

1. As entidades promotoras de empresas de inserción laboral e as empresas de inserción laboral inscritas como tales no Rexistro Administrativo das Empresas de Inserción Laboral de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, que regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral e que teñan o centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

2. Tamén poderán solicitar e ser beneficiarias das axudas aquelas empresas que na data de presentación da solicitude da axuda solicitasen a súa cualificación como EIL, de conformidade co Decreto 156/2007.

Segundo. *Obxecto*

Promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral, previamente cualificadas no Rexistro Administrativo de EIL de Galicia, que teñan centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.



A través deste programa establécense os seguintes tipos de axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas en risco ou situación de exclusión social:

- a) Asistencia técnica para a creación, mellora e diversificación da EIL.
- b) Inicio e posta en marcha da actividade.
- c) Creación e ampliación de novos postos de traballo para persoas en inserción.
- d) Contratación de xerentes ou persoas técnicas de produción necesarias para garantir a viabilidade da EIL.
- e) Contratación de persoas técnicas en orientación e acompañamento á inserción.
- f) Formación para as persoas en proceso de inserción.
- g) Mediación laboral para a inserción no mercado laboral ordinario da persoa en situación ou risco de exclusión social.

Terceiro. *Importe*

Para a concesión das axudas deste programa destínanse 135.000,00 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.04.324C.470.5 (100.000,00 euros) e 11.04.324C.481.5 (35.000,00 euros), código de proxecto 201500561.

Cuarto. *Bases reguladoras*

Orde do 27 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR356C).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes para todos os tipos de axudas deste programa comeza a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia* e finaliza o 30 de setembro de 2022.



Sexto. *Outros datos*

As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva.

O período subvencionable comprende desde o 1 de outubro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022.

A data máxima de xustificación das accións subvencionadas será o 8 de novembro de 2022.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

María Jesús Lorenzana Somoza  
Conselleira de Emprego e Igualdade

